

Transporte

- Acceso ferroviario ao porto exterior polo norte.
- Garantir a comunicación ferroviaria coa Coruña en menos dunha hora, realizando o baipás en Betanzos, redeseñando curvas e mellorando as pontes de Neda e Pontedeume.
- Deseño e posta en marcha dun plano de mobilidade comarcal que garanta o transporte de viaxeiros entre os diferentes núcleos de poboación da comarca (urbanos e rurais), cos centros de traballo e sanitarios, como os polígonos de Penapurreira, Río do Pozo, Vilar do Colo, As Lagoas, Arquitecto Marcide, Hospital Naval... etc.

Marisqueo

- Eliminación das bateas de depuración, ruína das confrarías e mariscadores, e reanudación dos traballos de limpeza de fondos e traslados até a desaparición das zonas C.
- Saneamento real da ría xa, con construción de rede separativa de pluviais e fecais, para evitar que cada vez que chova cheguen vertidos á ría.
- Rexeneración dos bancos marisqueiros para aproveitar a capacidade produtiva total da ría. Estas medidas poden chegar o número de postos de traballo no mar, dignos e de calidade.



AMARRA O TEU FUTURO

A comarca vive unha situación de emerxencia

As seguintes propostas servirían para crear emprego a curto prazo, erradicando a pobreza instalada xa en grande parte da sociedade e permitindo ás persoas emigradas retornar ás súas casas.

Un plano de reindustrialización e diversificación sería a primeira, mais non obstaculiza que se tomen estas outras medidas de xeito inmediato:

Sector naval

- Medidas que posibiliten a creación de emprego a curto prazo, como a construción do dique flotante e a dotación de persoal do estaleiro de Fene para que poda comezar a traballar en canto remate o veto á construción civil.
- Criación do Complexo Integral da Construción Naval na ría de Ferrol, como unidade territorial autónoma, sen restricións de mercado, e con representación da Xunta de Galiza tanto no Consello de administración como no capital social, así como a posta en funcionamento do Centro Tecnolóxico.
- Oposición ao encadramento corporativo de Navantia no Ministerio de defensa, e constitución dunha oficina técnica e comercial orientada a gañar novas áreas de negocio, de alto valor engadido, fuxindo do monocultivo militar.
- Oposición a calquer novo plano de reestruturación que supoña redución de empregos.

Sector enerxético

- Demandar de ENDESA a concreción e adiantamento dos investimentos precisos para cumprir a Directiva de emisións industriais. Isto significaría, a curto prazo, a criación directa de centos de empregos nos traballos de modificación da central, nun tempo estimado de ano e medio e cun investimento entre 200 e 300 millóns de euros. Ademais suporía, a máis longo prazo, a ampliación da actual vida útil da central.
- Modificar o Plano do carbón 2013-2018, asinado entre o Ministerio de industria e CCOO-UGT, para que Galiza teña os mesmos dereitos que outras comunidades con carbón.
- Revisión da actual lexislación enerxética, para permitir a recuperación do sector eólico galego, e a negociación dunha tarefa eléctrica galega.

Emprego e servizos públicos

- Reposición do 100% dos postos de traballo da administración pública afectados por xubilacións, así como substitución do persoal de baixa.
- Recuperación dos servizos externalizados do SERGAS, así como anular o peche de plantas en período estival.
- Eliminación das novas ratios de alumnos-profesor que supoñen, na práctica, a redución de docentes nos centros. Garantir unha oferta suficiente de prazas públicas de educación infantil de 0 a 3 anos, así como de comedores e actividades extraescolares en todos os centros públicos, a cargo de persoal dependente das administracións.

Rehabilitación

- Acordar e executar medidas para a promoción, de maneira eficaz, da rehabilitación das zonas urbanas, a comezar por aqueles edificios patrimonio das diferentes administracións (local, autonómica e estatal), e aumentando a dotación de fondos públicos para subvencións destinadas a particulares afectados polos planos urbanísticos.
- Estas medidas suporían a creación de multitude de empregos no sector da construción, e mellorarían a habitabilidade e a fasquía dos centros urbanos, repercutindo directamente nos comercios, na hostalaría e no sector turístico.